

Informe sobre o topónimo *Santo Ourente de Entíns*

O nome desta parroquia de Outes é un haxiotopónimo formado a partir do nome latino de *Orientius*, bispo de Auch (cidade e comuna francesas) na primeira metade do séc. v, pero segundo a tradición orixinario de Huesca e venerado como santo pola Igrexa.

Este nome presenta varias particularidades en galego. Por un lado, fronte á forma esperada a partir do acusativo latino, *Orenzo* ou *Ourenzo*, o nome chegounos a partir do xenitivo, *ORIENTII* < *Ourente* (ou *Orente*), pois alternou dun xeito similar a *Vicenzo/Vicente* e mesmo *Lourenzo/Lourente* (cf. o nome do mosteiro de *San Martiño de Vilalourente* hoxe *San Martiño dos Picos*, en Mondoñedo).

Por outra parte, este haxiónimo contén un ditongo antietimolóxico frecuente noutras palabras do galego como *ouvella* (lat. *OVICULAM*), *ourizo* (lat. *ERICIUM*), común xa na Idade Media, cando esta parroquia aparece atestada como *frigesia de santo Ourente d'Entiins* (séc. xv).

Na documentación posterior á época medieval, sempre en castelán, óptase xeralmente nos textos pola forma *Orente*, máis próxima á lingua veciña. Con todo, a vacilación entre *O-* e *Ou-* na sílaba inicial mantívose na fala ata a actualidade como o amosan os seguintes exemplos:

- “*Adiós miña nai amada / adiós meu amor nasente / adiós terriña adourada / de San Ourente, de San Ourente*” (Antonio de la Iglesia, 1857).
- “*San Campio é mui valente / Porque tiña o corpo santo / Metido en Santo Ourente. / San Campio é mui valente / Que tén a alma no ceo / I o corpo en Santo Ourente*” (Saco y Arce, 1881).
- “*San Campio foi militare / serviu al rey leghalmente / aghora está de cabalo / dah nenas de Sant'Ourente*” (Schubarth/Santamarina, 1979).

Na fala é común tamén a vacilación *san /santo*, aínda que *santo* é a forma histórica (vid. exemplo do séc. xv), a habitual no século XVIII (no catastro do Marqués de la Ensenada o nome da parroquia aparece falsamente segmentado e castelanizado como *San Thorente de Yntines*) e tamén, na actualidade, a normativa cando o nome do santo empeza por vogal.

REAL ACADEMIA GALEGA

Por todo o exposto, no *Nomenclátor de Galicia* figura o nome desta parroquia como ***Santo Ourente de Entíns***, dado que é a forma coa que se rexistra antigamente, que reflicte características dialectais e concorda coas normas do galego común.

